



Concello  
de Pontevedra



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

## XXXIX SAN SILVESTRE DE PONTEVEDRA 2022

### 1. ORGANIZADORES

A Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Concello de Pontevedra.

### 2. HORARIO DA CARREIRA

Celebrarase o sábado 31 de decembro de 2022 a partir das 17:00 h. con saída e chegada na avenida de Montero Ríos.

### 3. DISTANCIA E PERCORRIDO

Será de 4.000 metros aprox. polas rúas de Pontevedra, nun circuïto pechado ao tráfico (ver plano xunto, en azul o percorrido pedestre).



Galmotor

**FROIZ**  
Siempre a su servicio



DEVESA





Concello  
de Pontevedra



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

Saída PEDESTRE na avenida de Montero Ríos e paso por praza de España, Alameda, Raíña Victoria, Xeneral Rubín, Iglesias Vilarelle, rodeo da igrexa de San Xosé (peonil), praza da Constitución (peonil xunto ao quiosco da parada do autobús a Marín), praza de Galicia, Andrés Mellado, Peregrina, Oliva, Marqués de Riestra, Gutierrez Mellado, Michelena, praza da Peregrina, Ferrería, Soportais, praza de Curros Enríquez, Real, Sarmiento, Gregorio Fernández, Praza da Pedreira, Cesar Boente, Sierra (peonil), García Escudero, Ponte, San Telmo, Barón, praza do Muelle, Arcebispo Malvar, Condesa Pardo Bazán, praza Concepción Arenal, Martitegui, Prudencio Landín, praza de España e avenida de Montero Ríos.

#### 4. ACCIÓN SOCIAL DA CARREIRA

Voluntariamente podedes traer un produto de alimentación imperecedoiro (preferentemente leite, aceite,...), nos horarios de inscrición ou a partires das 15:00 horas na praza de España o día 31 de decembro, para facerlle entrega á Rede Axuda (programa social no municipio de Pontevedra) que o repartirá as entidades que mais o necesiten.

#### 5. INDUMENTARIA EN CARREIRA

É obrigatorio levar o dorsal ben visible, estirado no abdome, aínda que se acuda disfrazado. No caso de que o deportista leve disfraz e este dificulte a visibilidade ou a carreira para o resto de participantes, a criterio da Organización, poderá ser descualificado e pediráselle que se retire do circuíto, por seguridade.

#### 6. INSCRICIÓNS

Poderán tomar parte tódalas persoas que así o desexen, sempre e cando os/as menores de idade, estiveran ao cargo do seu/súa titor/a legal ao longo de toda a carreira. Só se poderá tomar parte na proba con dorsal oficial.

Dende a Sociedad Gimnástica de Pontevedra, no momento de recoller o dorsal, agradecemos a aportación voluntaria de 1 euro por dorsal para sufragar os gastos da carreira e apoiar a labor da nosa entidade sen ánimo de lucro na promoción do atletismo na nosa comarca.



Galmotor

**FROIZ**  
Siempre a su servicio



DEVESA







Concello  
de Pontevedra



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

A inscrición e recollida de dorsais farase na Mercado de Abastos (rúa Serra, 5 na planta de restauración) a partires do día 20 de decembro ata esgotar dorsais co seguinte horario:

- Do 20/XII ao 23/XII de 17:30 a 20:30h. (de martes a venres).
- Do luns 26/XII ao venres 30/XII en horarios de 10:30 a 13:30h e de 17:30 a 20:30h.
- O sábado 31/XII de 10:30 a 13:30h.

Calquera persoa poderá inscribir e recoller o dorsal doutra persoa cando teña autorización d@ titular (por exemplo, unha foto do DNI por whatsapp).

## 8. PREMIOS

Haberá agasallos a tódol@s participantes con dorsal que rematen a carreira **ATA ESGOTAR EXISTENCIAS**. A maiores haberá os seguintes premios:

- Primeiro/a en chegar a meta home e muller: un lacón para cada un.
- Tres primeiros/as en chegar a meta homes e mulleres: trofeos.
- Disfraz individual: un lacón á persoa gañadora desta “categoría” a criterio do xurado de disfraz.
- Disfraz colectivo: un lacón ao equipo gañador desta “categoría” a criterio do xurado de disfraz.

## 9. OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A) ZUMBA: a partir das 16.15, na liña de saída, haberá unha “master class” de Zumba, aberta a todo o público que queira practicar Zumba ou quentar, sin ter que inscribirse.

B) PATINAXE: a partir das 17.00 horas os/as patinadores/as que o desexen sairán ao final do pelotón, baixo as indicacións, de obrigado cumprimento d@s monitor@s de patinaxe, que non poderán ser adiantad@s. O obxectivo é dar un paseo (non competitivo) no propio percorrido da proba pedestre. Non poderán adiantar @s deportistas pedestres que estiveran disputando a San Silvestre, e será obrigatorio a participación con dorsal e, para todos e todas, o uso do casco, codeiras, muñequeiras e xeonlleiras.



Galmotor

**FROIZ**  
Siempre a su servicio

DEVES

POWERADE



Concello  
de Pontevedra



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

## 10. ORDEN DE SAÍDA

Obrigatorio que todos os deportistas saían e cheguen pola liña de saída, respetando o seguinte orde de saída:

1º Corredores/as pedestres.

2º Deportistas menores de idade.

3º Deportistas con mobilidade reducida (carriños de nenos, cadeiras de rodas,...).

4º Patinadores/as.

Tódalas persoas menores de idade, con mobilidade reducida (carriños de nenos, cadeiras de rodas,...) teranse que poñer lonxe da primeira liña de saída porque coa dinámica da carreira sempre se poden xerar algún incidente. O pelotón de deportistas irá escoltado por ciclistas.

## 11. VARIOS

A Organización no se fai responsable dos danos físicos ou materiais que os corredores/as poidan ocasionar a eles mesmos, a outras persoas ou a elementos materiais. A organización resérvase o dereito a efectuar calquera modificación nas condicións indicadas, incluso a suspensión da proba si as condicións meteorolóxicas, ou outras forzas de causa maior, así o aconsellan.

Non haberá clasificación de chegada agás os tres primeiros homes e mulleres.

As persoas inscritas ceden de maneira expresa, á Organización, o dereito a reproducir o nome e apelidos e a súa imaxen, durante esta carreira, só para a promoción da actividade física e do deporte, así como informarles de futuras actividades relacionadas co atletismo.

Para poñerse en contacto coa organización, poderán facelo a través do email [info@sgpontevedra.com](mailto:info@sgpontevedra.com) ou <https://www.facebook.com/sansilvestrepontevedra>.

Mais info na web da proba: <http://www.sgpontevedra.com/sansilvestre/>



Galmotor

**FROIZ**  
Siempre a su servicio



DEVESA

